

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Procedemento de revisión e reclamación

Artigo 37. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:
 - a. Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.
 - b. O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. Neste procedemento tamén se incluírá a forma de acceso e, de ser o caso, a obtención de copia dos instrumentos de avaliación aplicados.
 - c. O procedemento de revisión de cualificacións finais das materias e os ámbitos e da decisión de promoción ou de titulación do alumnado.
2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información a que se refire o número 1 sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

Artigo 38. Solicitud de revisión no centro

1. O alumnado ou, de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora e ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.
2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno, ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.
3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.
4. Nos centros privados, as solicitudes de revisión tramitaranas os órganos e na forma que determinen as súas normas de funcionamento, e será de aplicación supletoria a presente orde en todo o non regulado nas devanditas normas para os centros concertados, sen prexuízo de que os prazos se deberán axustar ao disposto na presente orde.

Artigo 39. Procedemento de revisión de cualificacións finais

1. A dirección do centro trasladará ao responsable da área a solicitude de revisión da cualificación final e comunicarao á persoa titora.
2. No primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de solicitude de revisión, cada departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a área ou o ámbito obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.
3. O departamento didáctico contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica, que deberán recollerse no informe, con especial referencia aos seguintes aspectos:
 - a. A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
 - b. A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
 - c. A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da área.
 - d. A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.
4. O departamento didáctico trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Esta resolución comunicarse por escrito á nai, o pai ou ás persoas titoras legais como máximo no día hábil seguinte. Así mesmo, a dirección do centro informará da decisión á persoa titora facéndolle entrega dunha copia da resolución. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.
5. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación dalgunha cualificación final, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, de ser o caso, no expediente e no historial académico
6. Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, da resolución da dirección do centro e en función dos criterios de promoción regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro, a xefatura de estudos e a persoa titora poderán reunir en sesión extraordinaria o equipo docente para revisar as decisións adoptadas.

Artigo 40. Procedemento de revisión da decisión de promoción

1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión da decisión de promoción.
2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria para revisar a decisión adoptada sobre a promoción da alumna ou do alumno. Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción das alumnas e os alumnos regulados nos artigos 28 e 29, respectivamente, e establecidos na concreción curricular do centro.
3. A persoa titora da alumna ou do alumno trasladará a acta á dirección do centro, quen emitirá resolución de ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión da decisión de promoción.
4. Se, tras o proceso de revisión, procede a modificación da decisión de promoción adoptada, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico.

Artigo 41. Solicitude de reclamación ante as xefaturas territoriais

1. Se, tras o procedemento de revisión no centro, persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia ou coa decisión sobre a promoción, a nai, o pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a xefatura territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.
2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, non superior a dous días hábiles, remitirá por sede electrónica o expediente á xefatura territorial. O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a área ou o ámbito, o informe elaborado polo departamento didáctico, a copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno, a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas. O expediente de revisión da decisión de promoción incorporará a acta da sesión extraordinaria do equipo docente, a resolución da dirección do centro, as novas alegacións da persoa reclamante, de telas presentado e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

Artigo 42. Procedemento de reclamación

1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do ciclo correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:
 - a. A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.
 - b. A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.
 - c. A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia ou ámbito.
 - d. O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.
2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas materias a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.
3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de promoción, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da regulación dos artigos 28 e 29, respectivamente, e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á reclamación en función dos seguintes criterios:
 - a. A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de promoción.
 - b. O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.
4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a xefatura territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa. Esta resolución comunicarase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignarase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial porá fin á vía administrativa.
5. Se, tras o proceso de reclamación, procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión de promoción para a alumna ou o alumno, a secretaría, co visto e prace da dirección do centro, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia á dita resolución. Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, o equipo docente reunirse en sesión extraordinaria.
6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.